

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN D E TRES CONCERTOS DA ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA DENTRO DO MARCO DA PROGRAMA XACOBEO 21.22

En Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte a **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G15721640.

Está representada neste acto por D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación na sesión do 16 de decembro de 2016.

E doutra parte, **CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA** con domicilio social en Glorieta de América nº 3 de A Coruña, e provista do Número de Identificación Fiscal P-6503001-G.

Está representada neste acto por D^a Ines Rey García en calidade de Presidenta do Consorcio conforme aos poderes recollidos na cláusula sexta dos estatutos da entidade, segundo figura na Orde de 3 de marzo de 2006 pola que se dispón a publicación da modificación dos estatutos do Consorcio para la Promoción de la Música.

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente Convenio de Colaboración (o “Convenio”), e ao efecto

EXPOÑEN

I.- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** (en diante a **Fundación**) foi constituída o 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Universidade que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da “Cidade da Cultura de Galicia” (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viais e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *“a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”*.



Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) *As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*
- b) *As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*
- c) *As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.*

II.- Que o **Consortio Para la Promoción de la Música** (en diante Consortio) foi constituída en abril de 1991 polo Concello da Coruña e a Asociación sen ánimo de lucro “Amigos da Ópera”. Os seus Estatutos foron publicados no Boletín Oficial da Provincia da Coruña Núm. 103, de data 7 de maio de 1991. No ano 2006, con obxecto da incorporación ao Consortio da Xunta de Galicia se procede á súa modificación e publicación no DOGA Núm. 47, de data 8 de marzo de 2006. No ano 2001 procédese á súa inscrición no Rexistro de Entidades Locais de Galicia (RELGA con nº de inscrición: CO 2001/03; devandito carácter de ente local, no caso do Consortio para a Promoción da Música vén establecido pola Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (Preámbulo arts.2, 3, 4.1, 149 a 152, 194.1, 195 f) e 196).

O consortio levará a xestión directa da Orquestra Sinfónica de Galicia, tendo como fins estatutarios:

- a) *Difundir a música mediante actuacións da Orquestra Sinfónica de Galicia e a realización de gravacións e transmisións por radio, televisión ou outros medios técnicos de comunicación.*
- b) *Promover toda clase de actividades musicais: sinfónicas, operísticas, corais, sinfónico-corais, camerísticas, recitais, etc., a través da colaboración con agrupacións, organismos e institucións nacionais ou estranxeiras.*
- c) *Divulgar as actividades do consortio mediante a venda de libros e revistas así como de discos, CD, DVD, vídeos e similares.”*

III.- Que a Xunta e o Concello da Coruña asinaron en agosto de 2021, un convenio para apoiar á Orquestra Sinfónica de Galicia e para o fomento de accións ligadas ao Xacobeo, entre as que se atopa a programación de concertos da Orquestra Sinfónica de Galicia en distintas cidades, colaboracións con artistas contemporáneos ou accións didácticas.

IV.- Que, visto o anterior, as partes están interesadas en que se celebre en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia tres concertos da Orquestra Sinfónica de Galicia, polo que as partes acordan a sinatura do presente convenio, consonte coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a colaboración de ambas entidades para a celebración dos concertos propostos polo Consortio para la Promoción de la Música dentro do marco da programa Xacobeo 21.22 na Cidade da Cultura de Galicia, de acordo ás formacións e repertorio que figura no Anexo I do presente convenio e que se nomean seguidamente

PROGRAMA MATINAIS MUSICAIS, 12 H:

- Domingo, 14 de novembro:
Quinteto de Metais da Orquestra Sinfónica de Galicia



- Domingo, 12 de decembro:
Coro da Orquesta Sinfónica de Galicia.
Grupo Instrumental.
Joan Company, director

PROGRAMA NADAL NO GAIAS, 19 H:

- Venres, 17 de decembro:
Orquesta Sinfónica de Galicia
Marina Heredia, cantaora
José Trigueros, director

SEGUNDA.- OBRIGAS DE CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA

En virtude do presente convenio, o **Consortio** se obriga a:

- a) Realizar as actividades que lle son propias baixo a súa responsabilidade, segundo o establecido na lexislación vixente e de acordo coas boas prácticas e normas técnicas.
- b) Farase cargo dos gastos relativos a cachés, dietas e desprazamentos de todos artistas e persoal técnico que estimen necesarios para a realización dos concertos.
- c) Coordinar a comunicación do evento coa Fundación a través do seu Departamento de Marketing e Comunicación: para elo o Consortio informará por anticipado á Fundación das accións de comunicación
- d) Compromiso de incluír, en todo o material divulgativo e publicitario que se edite, os logotipos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Xunta de Galicia e Xacobeo 21-22 en calidade de entidade colaboradora do espectáculo na Cidade da Cultura de Galicia.
- e) Comunicar á Fundación a programación de actividades a desenvolver nos espazos cedidos e informar puntualmente dos cambios no programa.
- f) Limitar as actividades que afecten ás áreas e instalacións comúns dentro do complexo da Cidade da Cultura de Galicia, á programación comunicada previamente á Fundación.
- g) O Consortio comprométese a prestar a súa total colaboración á Fundación na negociación das autorizacións de uso de imaxe dos artistas para participar en calquera campaña de promoción específica ou xenérica que fose realizada pola Fundación durante os cinco anos seguintes á celebración do concerto, así como na súa páxina web e redes sociais, contando sempre co consentimento previo e por escrito do/s artista/s. Para este fin, a Fundación poderá contratar a profesionais que se encarguen de facer fotografías e vídeos o día do concerto.
- h) Xestionar e coordinar ao persoal contratado por Consortio, o cal dependerá exclusivamente da mesma e terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo a FUNDACIÓN do todo allea as devanditas relacións laborais. Incumbe especificamente ao empregador o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de seguridade e saúde no traballo.
- i) Identificar persoas, empresas e vehículos aos sos efectos de emisión da autorización de acceso ás instalacións da Cidade da Cultura de Galicia. Igualmente dotará ao persoal propio ou alleo dos medios de identificación e acreditación necesarios para facilitar a vixilancia e seguridade do complexo da CdC.
- j) Non ceder a terceiros ningún tipo de dereito de uso de instalacións ou imaxe corporativa, incluídos os dereito de imaxe do complexo, sen autorización expresa da Fundación.
- k) Xestionar e coordinar as medidas de prevención de riscos laborais segundo a normativa vixente.
- l) Seguir as directrices da Fundación Cidade da Cultura de Galicia con respecto á imaxe institucional corporativa da CdC para mantemento dunha unidade formal neste campo coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia.



TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

En virtude do presente convenio, a FUNDACIÓN se obriga a:

- a) A cesión temporal a título gratuito dos seguintes espazos:
 1. Andar -1 do Museo Centro Gaiás.
- b) Organización técnica e produción do evento en coordinación cos técnicos da OSG (montaxe de escenario, cadeiras, iluminación e son de ser necesario) e control de accesos e acomodación do público.
- c) En canto promotor do evento, será da súa responsabilidade a presentación das comunicacións e/ou obtención das oportunas autorizacións e licenzas ante os organismos competentes de acordo coa normativa reguladora en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas. Igualmente farase cargo da definición dos aforos e a distribución dos espazos, en coordinación co titular dos mesmos, dentro dos límites previstos para a celebración de espectáculos en recintos pechados e atendendo as especiais consideracións hixiénicas que se deriven dos protocolos aprobados para prevención do COVID-19.
- d) En canto promotor do evento, se encargará da xestión, política de prezos e venda de entradas a través das canles que estime apropiadas.
- e) Declarar que os espazos cedidos en virtude do presente convenio se encontran en perfecto estado e en condicións de servir ao uso ao que se destinan
- f) Mantemento das instalacións, agás no caso do equipamento propio do Consorcio, a seguridade e o equipamento ordinario dos espazos.
- g) Contar cun seguro que cubra de forma suficiente a totalidade dos inmobles e instalacións fixas da CDC.
- h) A promoción da imaxe exterior e dos valores arquitectónicos da Cidade da Cultura de Galicia, así como a xestión dos dereitos de imaxe e marca.
- i) Velar pola consecución e mantemento dunha imaxe institucional corporativa común e de calidade para todos os centros ou entidades que desenvolvan as súas actividades no recinto da Cidade da Cultura de Galicia.
- j) O coñecemento e a coordinación das actividades que, aínda que xestionadas por Consorcio se desenvolvan nos espazos da Cidade da Cultura de Galicia, para facilitar a información e a atención aos visitantes.
- k) Autorización da sinalética no espazo onde se realizarán os concertos, dentro do complexo da CdC, para informar da/s ubicación/s onde se celebre o evento.
- l) Reforzar o servizo de seguridade durante a permanencia da compañía no espazo.

CUARTA.- VENTA DE ENTRADAS

Todo o relacionado coa venda de entradas ou outras fontes de ingreso, directa ou indirectamente relacionadas co concerto, serán de exclusiva competencia da Fundación.

Así mesmo, o pago de dereitos de autor a calquera outra entidade de xestión de dereitos de autor relacionado co concerto, relativo ao acto de comunicación pública establecido no artigo 20 da LPI, será a cargo da Fundación, así como os impostos que a devandita venda puidesen xerar.

A Fundación reservará ao Consorcio dez (10) entradas ben situadas con carácter de invitación.

QUINTA.- FINANCIAMENTO

Ambas partes financiarán os gastos derivados das obrigas que asumen con cargo aos seus orzamentos.

Serán por conta do Consorcio ademais dos gastos de persoal dependente do mesmo, calquera que sexa o vínculo xurídico-laboral, o financiamento dos custos da súa actividade propia tales como caché de todos os músicos, director e solistas, persoal de montaxe, aluguer de partituras e instrumentos necesarios para a realización do concerto



Serán por conta da Fundación Cidade da Cultura de Galicia os custos ordinarios correspondentes á montaxe de escenario, cadeiras, venda de billetes, control de accesos, limpeza, mantemento das instalacións, seguros (excepto o de responsabilidade patrimonial ou o relativo aos bens propios ou en depósito custodiados por Consorcio) ou impostos que afecten ao inmovible e a comunicación de común acordo co Consorcio.

SEXTA.- MODIFICACIÓNS OU OBRAS NAS INSTALACIÓNS

Salvo que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia o autorice previamente, por escrito, non se permitirán obras ou modificacións das instalacións cedidas temporalmente ó Consorcio.

Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética dos espazos cedidos e o Consorcio será o único responsable de cantos danos físicos ou materiais se ocasionen ás instalacións ou a terceiros, como consecuencia directa ou indirecta da súa actividade, eximindo de toda responsabilidade a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

SÉTIMA.- LIMPEZA

A Fundación conta cun servizo de limpeza ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia; igualmente, mentres estea vixente o presente convenio de cesión de espazos, a limpeza extraordinaria das instalacións, espazos obxecto de cesión segundo figura no obxecto do convenio, corresponderán tamén a Fundación.

OITAVA.- SEGURIDADE E CONTROL DE ACCESO AO ESPAZO

A Fundación conta cun servizo de seguridade ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia, que continuará prestándose durante o período no que se ceden os espazos e instalacións.

O control de acceso aos espazos obxecto deste acordo e a seguridade interior dos mesmos, dependerán da Fundación e a tal fin contará co persoal que estime oportuno.

NOVENA.- PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS

En cumprimento da normativa aplicable en materia de autoprotección, a Fundación dispón dun Plan de actuación ante emerxencias vixente para o conxunto de edificacións e áreas urbanizadas do complexo do Gaiás.

DÉCIMA.- DIFUSIÓN DE IMAXES DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

A reprodución, difusión e comunicación das imaxes, sons, ou documentación por parte do Consorcio en canto inclúa referencias ou imaxes, externas ou internas das instalacións, espazos ou zonas correspondentes á Fundación en calquera medio de difusión impreso, audiovisual, Internet, ou en calquera soporte, físico ou virtual, requirirá a aprobación expresa e por escrito da Fundación.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

En ningún caso se admite a cesión ou subcontratación dos espazos ou instalacións obxecto do presente convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS E CONFIDENCIALIDADE

As partes intervinientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPDP). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente contrato.



No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervinientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados.

Ambas as partes comprométese a dar cumprimento á normativa vixente en cada momento de protección de datos persoais, de conformidade co especificado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección dos datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPd), a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante que sexa de aplicación. No caso de que, para a prestación dos servizos obxecto do presente convenio, fora necesario que calquera dos asinantes accedese a datos persoais dos que resultase responsable a outra parte, darán cumprimento ás obrigas previstas no artigo 28 do RXPd, e en ningún caso os aplicarán ou utilizarán para fins distintos ao obxecto do presente convenio.

As partes intervinientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigación de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervinientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

DÉCIMO TERCEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha Comisión de Seguimento para facilitar o seguimento e cumprimento do Convenio. A Comisión de Seguimento estará formada por dous representantes de cada parte e actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

A Comisión reunirse cantas veces estime se necesario a convocatoria de calquera das partes, estando condicionada a periodicidade das súas reunións polos asuntos para tratar.

DÉCIMO CUARTA.- VIXENCIA

A vixencia do presente acordo se circunscribe á duración prevista para a realización dos concertos indicados na cláusula primeira e os días precisos para a realización da montaxe e desmontaxe do evento.

O convenio conservará a súa vixencia no caso de que varíen a denominación, razón social ou natureza xurídica de calquera das entidades conveniantes, sempre que as sucedan outras entidades que asuman as competencias sobre os espazos e as materias obxecto deste convenio.

A expiración do convenio polo transcurso do tempo pactado non outorga dereito a reclamar Indemnizacións.

DÉCIMO QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente acordo:



1. O acordo mutuo entre as partes.
2. O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
3. A falsidade ou inexactitude dos datos e circunstancias subministrados á Fundación.
4. A deficiencia no uso das instalacións e espazos cedidos.
5. A cesión ou subcontratación das instalacións ou espazos cedidos.
6. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polos que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.
7. O incumprimento dalgunha das demais obrigas contidas no presente acordo ou na normativa civil aplicable.

A resolución por incumprimento do Consorcio extingue o dereito deste a reclamar indemnización algunha por ningún concepto.

Tendo en conta ás circunstancias actuais derivadas da crise sanitaria provocada polo COVID19, establécense como posible causa de suspensión, as posibles vicisitudes que poidan derivarse dun rebrote da pandemia producida polo COVID19, e que determine un cambio nas datas programadas, de ser o caso. Segundo as circunstancias que se prevean e en función dos protocolos sanitarios que sexan de aplicación as restricións de movemento de persoas e bens por mor de potenciais futuras pandemias e dos prazos establecidos para ditas restricións, de chegar a producirse, as partes, de mutuo acordo, poderán optar pola realización da actividade noutra data ou ben pola resolución do convenio.

O Consorcio non será responsable se por causas alleas a esta, o espectáculo debese de suspenderse ou cancelarse. Non será responsable da falta de cumprimento das súas obrigacións cando estas débanse a sucesos que non puidesen preverse, ou que, previstos, fosen inevitables, ou impedimentos alleos á súa vontade (tanto en casos de forza maior como de caso fortuíto, conforme ao previsto no Código Civil español).

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Fundación Cidade da Cultura e os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas no convenio ou terceiros que colaboren na realización do evento ben coa prestacións de servizos persoais e/ou profesionais, ou ben coa entrega de bens e subministracións ao Consorcio de tal xeito que non se lle poderá esixir á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste documento contractual.

DÉCIMO SEXTA.- NATUREZA XURÍDICA DO CONVENIO E XURISDICIÓN APLICABLE

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en virtude do disposto no seu artigo 6. O convenio rexerese polas súas propias cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 para resolución de dúbidas e lagoas que puidese presentarse.

As partes se comprometen a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente acordo, e non solucionadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición civil.

DÉCIMO SÉTIMA.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo.

E en proba de conformidade, asínase e rubrica o presente Convenio, e para un só efecto, no lugar indicado no encabezamento e na data de última sinatura.

Pola Fundación Cidade da Cultura

**Por Consorcio para la Promoción de
la Música**

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente

Ines Rey García
Presidenta



Anexo I: formacións e repertorio do Consorcio para la Promoción de la Música dentro do marco da programa Xacobeo 21.22 na Cidade da Cultura de Galicia.

Quinteto de Metales de la OSG

Domingo 14 de noviembre de 2021 – 12h.

JOHN CHEETHAM (1939)

Scherzo

MALCOLM ARNOLD (1921-2006)

Quinteto de metales nº 1

LEONARD BERNSTEIN (1918-1990)

Dance Suite

NANI GARCÍA (1955)

The Trumpeter and the Sea

PAUL NAGLE (1947)

Jive for Five

ROBERTO SOMOZA

Buddy Bolden Suite

QUINTETO DE METALES DE LA OSG

Nicolás Gómez Naval, trompa

Alejandro Vázquez Lamela, trompeta

Víctor Vilariño, trompeta

Jon Etterbeek, trombón

Jesper Boile Nielsen, tuba

Carolina Cygan, violín

María José Ortuño, flauta

Steve Harriswangler, fagot

Alejandro Sanz Redondo, marimba

Coro de la OSG

Joan Company, director

Domingo, 12 de diciembre de 2021 – 12h.

HENRY PURCELL (1659-1695)

Funeral Sentences

OLA GJEILO (1978)

Norther Lights

RUDOLF MAUERSBERGER (1889-1971)

Herr, lehre doch mich

JOHANN SEBASTIAN BACH (1685-1750)

Jesu, meine Freude, BWV 227

CORO DE LA OSG

GRUPO INSTRUMENTAL DE LA OSG

JOAN COMPANY, director

Orquesta Sinfónica de Galicia

Marina Heredia, cantaora

José Trigueros, director

Viernes, 17 de diciembre de 2021 – 19h.

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás

15707, Santiago de Compostela

T.: (+34) 881 997 564, F.: (+34) 881 997 577

cidade.cultura@xunta.gal

www.cidadedacultura.gal



FEDERICO GARCÍA LORCA (1898-1936)

Canciones españolas antiguas

MANUEL DE FALLA (1876-1946)

El corregidor y la molinera

ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA

MARINA HEREDIA, cantaroa

JOSÉ TRIGUEROS, director

